



VIÑAO FRAGO, A. (2023). *Meritocracia, igualdad, educación. Por una vuelta a la historia social de la educación*. Murcia: Diego Marín, Librero-Editor. S.L., 2023, 199 páginas. ISBN edición impresa: 978-84-19991-20-1. ISBN E-book: 978-84-19991-24-9

O profesor Antonio Viñao encerra na súa esixente traxectoria académica e publicística –xunto a algúns outros nomes moi significados– os desvelos e as mellores expresións alcanzadas en canto á construción, debate e difusión do coñecemento histórico-educativo. A súa consistente, iluminadora e trabada bibliografía así o pon de relevo.

Na súa traxectoria observamos a súa constante atención ás cuestións epistemolóxicas no ámbito da Historia da Educación e unha decidida orientación

cara a Historia Social da Educación, revisada e dialogante coa Historia Cultural. Nese marco, no seu itinerario reflexivo, de ensaio e de elucidación podemos apreciar a súa preocupación de elucidación e de razoamento ante os discursos de política educativa formulados polas axencias e os actores de tales discursos e diante dos conflitos interpretativos ante as oportunidades e potencialidades dos proxectos de política educativa, incorporando pola súa parte neste exercicio de elucidación unha mirada xenealóxica, que evita o presentismo e as limitacións que en ocasións mostra a simplificación sociolóxica.

Creo que é desde este punto de vista desde onde se presenta este libro que titula como *Meritocracia, igualdad y educación. Por una vuelta a la historia social de la educación*. Unha reunión de ensaios, interconectados entre si, que en varias ocasións gozaron de publicación previa. Como lector crítico e esixente, como historiador e como cidadá que quere contribuir á construción social democrática enfróntase ao exame daquelas cuestións presentes nas axendas actuais de política educativa, que están inspiradas pola onda neoliberal que impregna as nosas sociedades en debate coas previas orientacións e preocupacións da socialdemocracia.

Son nove os textos de distinta extensión aquí presentes, ademais dunha inicial presentación. A meritocracia: un tema a debate é o primeiro deles (pp. 13-16), Arredor dela preséntanos o fundamental das teses expresadas por Sandel, Rendueles e Piketti, atendendo á presenza de

textos relevantes destes autores no panorama editorial hispano e na conversación política observable en varias revistas e medios de pensamento social. Como outra parte da moeda, o seu terceiro texto mostra un apunte concentrado, unha «breve e incompleta historia» sobre as desigualdades educativas en España e presenta os debates e investigacións recentes realizadas aquí en relación coa meritocracia (crenzas e actitudes), introducíndose na consideración a este respecto da silenciosa fenomenoloxía «da educación na sombra» que vehiculan os sectores sociais máis acomodados, a fin de manter a distinción social (Bourdieu) que caracteriza a unha sociedade escindida: é oportuno abrir interrogantes sobre as desigualdades educativas, a mobilidade social e os efectos reais das reformas educativas. O sétimo dos textos presenta un 'barrido' sobre filósofos, meritócratas, sociólogos, psicólogos e antropólogos que enfrentaron estas cuestións (pp. 129-152), con dous apuntes finais sobre a posibilidade ou non de medir a calidade e o mérito (pp.153-164) e sobre os límites das propostas de educación compensatoria dada a aspiración enunciada de ofrecer «políticas igualitarias» mediante estas propostas. Un anexo que recupera un texto-carta do sociólogo inglés M. Young a Tony Blair, cando este era o Primeiro Ministro, e as oportunas referencias bibliográficas pechan este libro, co que se invita ás historiadoras e historiadores da educación en España a que volvan poñer nos seus radares de observación e de interrogación problemas socio-educativos, que poden ser incómodos de revisar (e que quizais por iso

son/están agachados no momento actual), pero que afectan á igualdade social e ao disfrute incluso do dereito á educación, que redunda na calidade de vida e na sostibilidade, ante o que a Historia da Educación pode e debe realizar saúdaes contribucións.

É a meritocracia o mellor modo de organización da complexa sociedade democrática? Segundo as manifestacións e o sentir de numerosos actores e axencias, en efecto, así sería. Neste contexto, «a educación constituiría o elemento clave, central e formalmente igualitario, que en función da intelixencia e do esforzo aseguraría —mediante a desigualdade de resultados— que a asignación dunha determinada tarefa e posición social non só é a correcta desde o punto de vista do uso eficiente do capital humano, senón tamén desde a modernización e a xustiza sociais». Porén, todo parece ser máis complicado. Viñao, a este respecto, procura mostrar traballos de sociólogos, políticos, economistas e antropólogos que considera son de «necesaria lectura para quen queira adentrarse no estudo da educación en España» (p. 19), recuperando un diálogo con esas perspectivas, similar ao que se estableceu nos pasados anos oitenta e noventa.

Neste sentido, as obras de Sandel (*La tiranía del mérito*, Barcelona, 2020), de Rendueles (*Contra la igualdad de oportunidades. Un panfleto igualitarista*, Barcelona, 2020) e de Piketty (*Capital e ideología*, 2021, e *Una breve historia de la igualdad*, Deusto, 2021) poden ser referencias ben notables. Desde ángulos e posicións específicas os

citados autores mostran as costuras do libre mercado o do «liberalismo igualitario» do Estado do Benestar (Sandel); as limitacións do ethos igualitarista dada a súa limitación ao sistema educativo (ao non contemplar que «as desigualdades sociais teñen efectos non equitativos moi dificilmente neutralizables só desde a educación») ou aínda o superficial igualitarismo escolar cos súas aparencias de neutralidade meritocrática (incluso nas redes públicas) (Rendueles), véndose, ademais, nos textos, nos datos que aporta, de Piketty a realidade das desigualdades que cómpre combater desde o horizonte dun socialismo democrático e ecolóxico, tramado de mestizaxe social.

Dos debates de teoría social aos datos. Os estudos publicados en España entre 1973 e 1985 sobre as desigualdades educativas, nos anos en que confluían a socioloxía histórica e a Historia Social da educación, tendo constancia dos informes de Coleman, Jencks, Bowles/Gintis, Bourdieu/Passeron e Boudon e, noutro sentido, o *reader* de Halsey, Floud e Anderson (1961), expresión do liberalismo, mostraban a natureza ambivalente das escolas como apuntara desde os EEUU o sociólogo Robert Merton. Carlos Lerena con *Escuela, ideología y clases sociales en España. Crítica de la sociología empirista de la educación* e cos seus estudos sobre a interrelación entre a orixe social, os logros educativos e as posición sociais, Fernández Enguita e Julio Carabaña, entre outros autores e achegas, viñan coincidir na influencia da orixe social na

desigualdade de oportunidades educativas, mostrando que a educación (como sistema político) se comportaba de modo non meritocrático.

Conclusión confirmada ao observar as estratexias vantaxistas das clases altas (p. 45) co gallo de non facer depender a mobilidade ascendente dos seus vástagos do proceder meritocrático, «mediante procesos de educación na sombra» a través de gasto/investimento educativo que distinguen os fogares e teñen efectos sobre a equidade e a igualdade, o que incluso penetra no sector público de educación a través do capital cultural e social e das redes, como Bourdieu clarificou, mediante textos de 1970, 1979 e 1984.

Antonio Viñao exténdese sobre esta analítica do caso español para mostrar a persistencia das diferenzas desigualitarias no disfrute da educación; diferenzas que son negadoras do principio meritocrático: mostra como os concertos previstos na LODE viñeron facilitando a consolidación e ampliación da rede escolar privada desigualitaria; con Julio Carabaña mostra as limitacións de efectividade da LOGSE, a prevalencia dunha cultura selectiva sobre o principio da obrigatoriedade, o curto alcance do conxunto de programas aplicados desde un limitado principio comprensividade («parches tranquilizadores de conciencia» (p. 125) ou o problema da natureza híbrida da ESO (como etapa inicial dunha educación secundaris selectiva).

E mostra, en conclusión con distintos traballos e reflexións, a «incoherencia da meritocracia: dar a cada un unha oportunidade e logo privilexiar aos

que teñen talento” (p. 137) e a inxenuidade (interesada) de pensar que é posible configurar un sistema escolar meritocrático e neutro (é dicir, con capacidade de seleccionar os mellores de acordo con criterios dados e obxectivos). A lexitimación deste principio está asentada sobre unha definición falida da intelixencia (intelixencia+esfuerzo=mérito), obviando o carácter histórico e socio-cultural dos procesos cognitivos (Vigotski, Luria) e que tampouco contempla o carácter situacional de toda aprendizaxe.

Nesta dirección reflexiva, advirtenos Viñao sobre as debilidades do concepto de calidade da educación vigorado a partir da LOGSE (1990), e sobre as limitacións no modo de valorar e medir a práctica educativa, atendida a natureza limitadamente mensurable desta práctica, sendo para isto necesario distinguir en canto á conquista do coñecemento entre a *episteme* (ou saber codificado), a *téchne* (o saber das destrezas) e a *frónesis* (ou coñecemento práctico e continxente, que incorpora xuízos particulares).

Con todas estas cautelas críticas comprenderemos a natureza histórico-continxente do principio e concepto de mérito (p. 172), o seu lado escuro que xa en 1958 descortinara Michael Young, o seu poder lexitimador da desigualdade e, en sentido contrario, a necesidade de fortalecer e aplicar políticas antisegregadoras, como referiu F. Dubet, o sociólogo da educación en Francia, así como de promover programas efectivos de xustiza educativa (Piketty), que «para ter éxito deben

formar parte de profundas transformacións políticas».

Estamos ante un conxunto de textos de formación, de espírito crítico e de invitación á toma en consideración dos traballos que debemos seguir abordando da man dos retos académicos e cidadáns que nos demandan a procura dunha sociedade inclusiva. O renovado cultivo da perspectiva social da historia da educación pode abrir fructíferas achegas, sostén o autor.

Antón COSTA RICO
Catedrático xubilado USC